

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE DE OUTUBRO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte de outubro de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, réunese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día seis de outubro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 606/09 de dona Ramona Fernández Sande

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente na substitución de uralita e tella do tellado nunha superficie aproximada de 120 m², situada en Figueiredo, dentro do ámbito do Plan Especial de Protección do Núcleo de Ponte Ulla segundo o PXOM, para as que solicitou subvención á Xunta de Galicia.

Dáse conta asimismo da autorización do Departamento Territorial da Concellería de Cultura e Turismo.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación ; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en



cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento trinta euros con oitenta céntimos (#130,80#)

2.2.- Instancia num. 1.736/09 de don Jesús Devesa Sánchez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a construción cun cerramento, con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 50 mts de lonxitude, no lugar de Corrado, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas, deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente ramatado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e abase maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta e un euros con once céntimos (#31,11#)

2.3.- Instancia num. 1.692/09 de don Rafael Vázquez Teo


Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago, expón que con data 10/10/2006 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para a construción dunha vivenda en Paradela-San Xián (num. 85/06) e dado que non puido rematar as obras solicita a concesión dunha prórroga

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha prórroga de un ano

3º.- Certificacións de obras

3.1.- Certificación num. 2 e final da obra de *Ampliación de saneamento en Matelo*

Dáse conta da certificación num. 2 e final da obra de *Ampliación de saneamento en Matelo* (código 08.3300.0059.0), incluída no *Plan de Cooperación cos concellos 2008-2011*, por importe de vinte e un mil cento cincuenta e sete euros con setenta céntimos (#21.157,70#), adxudicada á empresa Manuel Sobredo, S.L., sendo o director da mesma o enxeñeiro don Gilberto Rodríguez Rodríguez



A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación e máis a factura num. 35 de Manuel Sobredo, S.L polos traballos relacionados na citada certificación

3.2.- Certificación num. 2 e final da obra de *Ampliación de saneamiento y abastecimiento en Laraño*

Dáse conta da certificación num. 2 e final da obra de *Ampliación de saneamiento y abastecimiento en Laraño* (código 08.3300.0058.0), incluída no Plan de Cooperación cos concellos 2008-2011, por importe de trece mil oitocentos corenta e un euros con sesenta e nove céntimos (#13.841,69#), adxudicada á empresa Manuel Sobredo, S.L, sendo o director da mesma o enxeñeiro don Gilberto Rodríguez Rodríguez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación e máis a factura num. 35 de Manuel Sobredo, S.L polos traballos relacionados na citada certificación

4º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación da obra de Reforma de las instalaciones de iluminación en el campo da fútbol de Santa Cruz de Ribadulla.

Dáse conta das invitacións cursadas ás empresas Electricidad José María Lorenzo Dominguez; Electricidad Cruceiro, S.L e Revilla y García,S.L de acordo co establecido no artigo 162 da Lei 30/2007, de contratos do sector público (LCSP)) para optar á adxudicación, por procedemento negociado, da obra de *Reforma de las instalaciones de iluminación en el campo de fútbol de Santa Cruz de Ribadulla*, incluída na *5ª e última fase do Plan Especial de Iluminación e outros complementos nos campos de fútbol de herba artificial*.

Dáse conta da única proposta presentada da empresa Electricidad Cruceiro, S.L que oferta o prezo de setenta mil novecentos oitenta e cinco euros con corenta e seis céntimos (#70.985,46#), que representa unha baixa de cero euros sobre do tipo


A Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente o contrato de *Reforma de las instalaciones de iluminación en el campo de fútbol de Santa Cruz de Ribadulla* por ser a única oferta presentada no prezo de sesenta e un mil cento noventa e catro euros con trinta e seis céntimos (#61.194,36#), máis nove mil setecentos noventa e un euros con dez céntimos (#9.791,10#) de IVE.

Segundo.-- Notificar e requirir a Electricidad Cruceiro, S.L para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes á data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante, a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calesquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, a sí como constituir a garantía definitiva

Terceiro.- Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil do Contratante

Cuarta.- Delegar na Alcaldía a adxudicación definitiva da citada obra, no caso de non existir reclamacións á adxudicación provisional



5º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación provisional das obras incluídas na 1ª fase do Plan Provincial de axuda contra a crise destinado ó financiamento dos gastos de reposición asociados ó mantemento dos servizos públicos esenciais do concello (PAC-2)

5.1.- *Mellora do firme dos viais municipais (código 09.3270.0052.0)*

Tipo de licitación: (#53.863,18#) euros

Dáse conta das invitacións cursadas ás empresas que de seguido se relacionan de acordo co establecido no artigo 162 da Lei 30/2007, de contratos do sector público (LCSP)) para optar á adxudicación, por procedemento negociado, da obra de *Mellora do firme dos viais municipais (código 09.3270.0052.0)*:

Proposta nº 1 de Espina y Delfín, S.L que declina presentar oferta económica por sobrecarga de traballo nestes momentos

Proposta nº 2 de Aixma, Obras y Servicios, S.L que declina presentar oferta económica por non dispor de maquinaria necesaria por compromisos adquiridos

Proposta nº 3 de Obras y Viales de Galicia, S.L que cifra a súa oferta económica na cantidade de corenta e seis mil catrocentos trinta e tres euros con setenta e oito céntimos (#46.433,78#) máis sete mil catrocentos vinte e nove euros con corenta céntimos (#7.429,40#) de IVE, que representa un total de cincuenta e tres mil oitocentos sesenta e tres euros con dezaioito céntimos (#53.863,18#)

A Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente o contrato de *Mellora do firme dos viais municipais (código 09.3270.0052.0)*, por ser a única oferta presentada no prezo de cincuenta e tres mil oitocentos sesenta e tres euros con dezaioito céntimos (#53.863,18#).

Segundo.- Notificar e requirir a Obras y Viales de Galicia, S.L para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes á data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante , a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calesquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, a sí como constituir a garantía definitiva

Terceiro.- Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil do Contratante

Cuarta.- Delegar na Alcaldía a adxudicación definitiva da citada obra, no caso de non existir reclamacións á adxudicación provisional

5.2.- *Instalación de tabiquería móbil no Museo de Vedra (código 09.3270.0053.0)*

Tipo de licitación: (#30.000,00#) euros

Dáse conta das invitacións cursadas ás empresas que de seguido se relacionan de acordo co establecido no artigo 162 da Lei 30/2007, de contratos do sector público (LCSP)) para optar á adxudicación, por procedemento negociado, da obra de *Instalación de tabiquería móbil no Museo de Vedra (código 09.3270.0053.0)*:



Proposta nº 1 de Construnor Estructuras, S.L que declina presentar oferta económica por sobrecarga de traballo no seu departamento de estudos

Proposta nº 2 de Promotora Matimán, S.L que cifra a súa oferta económica na cantidade de vinte e cinco mil oitocentos sesenta e dous euros con sete céntimos (#25.862,07#), máis catro mil cento trinta e sete euros con noventa e tres céntimos (#4.137,93#) de IVE, que representa un total de trinta mil (#30.000,00#) euros

Proposta nº 3 de Construcciones Bamarti, S.L que comunica a súa imposibilidade para optar á citada licitación.

A Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente o contrato de *Instalación de tabiquería móbil no Museo de Vedra (código 09.3270.0053.0)*, por ser a única oferta presentada no prezo de trinta mil (#30.000,00#) euros

Segundo.- Notificar e requirir a Promotora Matimán, S.L para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes á data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante, a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar.

Terceiro.- Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil do Contratante

Cuarta.- Delegar na Alcaldía a adxudicación definitiva da citada obra, no caso de non existir reclamacións á adxudicación provisional

6º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais

Dáse conta do escrito num. 1.506/09 no que don José Manuel Varela Carregal, en representación de Electricidad Cruceiro, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución das obras de *Alumbrados Públicos en Santa Cruz de Ribadulla (Importe: 1.315,14 euros)* e *Alumbrados Públicos en San Miguel de Sarandón (Importe: 1.450,36 euros)*


Dáse conta asimismo que durante o periodo de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución dos citados avais

7º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

7.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data cinco de outubro do ano que andamos, pola que se autoriza a realización das obras " *Mellora de vía de penetración mediante o refino e planteo do camiño con apertura de cunetas con motoniveladora. Apertura de tajeas en Neira de Abaixo*", e " *mellora de vía de penetración mediante o refino e planteo do camiño con apertura de cunetas con motoniveladora. Apertura de tajeas en Casa de Regas-Mureira*" e " *Mellora de vía de penetración mediante o refino e planteo do camiño con apertura de cunetas con motoniveladora. Apertura de tajeas en Castro de Agronovo-Agrelo*", solicitadas polo distrito forestal III Santiago -Meseta Interior

A Xunta de Goberno dáse por enterada



7.2.-Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data oito de outubro do ano que andamos, pola que se designa a don Javier García Méndez, enxeñeiro de telecomunicacións como coordinador de seguridade e saúde das obras incluídas no POS 2009: *Afirmado y acondicionamiento de pistas en Castro, Francés, Sete e Afós; Afirmado y acondicionamiento de pistas en Corbeixe, Merín, Trobe e Vedra e Senda Peonil e ampliación de acceso á igrexa de San Miguel de Sarandón*

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.3.- Dáse conta de Resolución da Alcaldía de data oito de outubro do ano que andamos, pola que se inicia expediente de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes de don Javier Gañete Touceda

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.4.- Dáse conta de Resolucións da Alcaldía de data oito de outubro do ano que andamos, pola que rematadas as obras de *Peche da pista polideportiva de Paradela; Construción de peche da parcela do cemiterio de Ponte Ulla e Construción dun porche na casa parroquial de San Andrés de Illobre*, incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local 2008, declárase a conformidade coa execución das mesmas por parte da empresa adxudicataria e o desenvolvemento das mesmas de conformidade co estipulado nos pregos de cláusulas administrativas particulares reguladores e cos contratos asindos entre o concello e a empresa adxudicataria

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.5.- Dáse conta de Resolucións da Alcaldía de data sete de outubro do ano que andamos, polas que se publican as listas definitivas de candidatos e se designan os membros da Mesa de Selección para os procesos selectivos que terán lugar o día 15 de outubro para a contratación dun oficial de segunda albanel, dun peón especialista albanel e un fisioterapeuta, incluídos no Programa de Cooperación da Consellería de Traballo

A Xunta de Goberno dáse por enterada


7.6.- Dáse conta das Resolucións da Alcaldía de data nove de outubro do ano que andamos, pola que se aproban as bases que rexeran a convocatoria das seguintes prazas incluídas no Programa de Cooperación: 1 oficial de segunda albanel; 1 peón especialista albanel e un fisioterapeuta

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.7.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catorce de outubro do ano que andamos, pola que informados favorablemente polo coordinador de seguridade e saúde, don Javier García Méndez, apróbanse os Plan de Seguridade e Saúde das seguintes incluídas no POS 2009: *Afirmado e acondicionamento de pistas en Corbeixe, Merín, Trobe e Vedra; Afirmado e acondicionamento de pistas en Castro, Francés, Sete e Afós e Senda peonil e ampliación de acceso á igrexa de San Miguel de Sarandón*

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.8.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catorce de outubro do ano que andamos, pola que rematada a obra de *Acondicionamento do colexio de Ortigueira (Santa Cruz de Ribadulla) para instalación de comedor*, incluída no Fondo Estatal de Investimento Local 2009, declárase a conformidade coa execución



da mesma por parte da empresa adxudicataria e o desenvolvemento da mesma de conformidade co estipulado no prego de cláusulas administrativas regulador e o contrato asinado entre o concello e a empresa adxudicataria

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.9.- Dáse conta das Resolucións da Alcaldía de data quince de outubro do ano que andamos, pola que en función das puntuacións obtidas nos procesos selectivos ordénase a contratación das seguintes persoas: D. Jesús Fernández Villaverde (oficial de segunda albanel); D. Manuel María Enjamio Baluja (peón especialista albanel) e dona M^a. Rocio González Martínez (fisioterapeuta).

A Xunta de Goberno dáse por enterada

8º.- Outros asuntos

8.1.- Aprobación, se procede, do cadro de prezos establecido na ordenanza fiscal nº 12 reguladora da taxa por sumidoiros, por acometidas á rede municipal

Dáse conta da seguinte proposta presentada pola empresa adxudicataria do servizo Aquagest, S.A: e informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o día oito de outubro do ano que andamos:

TIPO DE FIRME	PREZO ATA 5 MTS (IVE ENGADIDO)	POR CADA M LINEAL (IVE ENGADIDO)
TERRA	422,92	47,79
ASFALTO	523,21	64,51
BEIRARRÚA (agás granítica)	567,23	71,84

(1) Estes prezos non inclúen pozo

(2) No caso de que as obras de acometida non se leven a cabo por Aquagest, S.A , deberán ser revisadas pola citada empresa e as taxas de revisión serán de 50,00 EUROS


A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado cadro

8.2.- Designación dirección de obra

A Xunta de Goberno acorda designar a dona Mercedes Rosón Varela, proxectista do *proxecto básico e de execución da posta en valor e acondicionamento do espazo para a celebración da Festa do Viño no campo da festa de San Miguel de Sarandón*, incluído no *Plan de Mellora de Calidade Turística das Terras de Ulla e Tambre* da Sección Promoción Económica da Excma. Deputación Provincial, como directora das obras, sendo por conta do concello os honorarios de dirección

8.3.- Subvención da Secretaría Xeral para o Deporte

Dáse conta da comunicación num. 1.825/09 da Secretaría Xeral para o Deporte de Presidencia sobre da concesión dunha subvención , ó abeiro da Orde do 13 de marzo de 2009 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións ós concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2009, por importe de mil cincocentos (#1.500,00#) euros



A Xunta de Goberno acorda aceptar a citada subvención e demais requisitos establecidos na citada orde.

8.4.- Subvención á Consellería de Traballo e Benestar

Dáse conta da Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 7 de setembro de 2009, pola que se convocan subvencións para o desenvolvemento de programas de educación familiar polas entidades locais de Galicia (DOG num. 182/09, do 16 de setembro)

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha subvención segundo memoria elaborada ó efecto

Conclúe ó fin das vinte e dúas horas e corenta minutos

